

XVI CERTAME LITERARIO CONCELLO DE AMES

NARRATIVA E POESÍA

BASES

PRIMEIRA.-

Poderá concorrer a este certame calquera persoa que presente textos inéditos escritos en lingua galega segundo estas bases. O tema é libre.

SEGUNDA.-

As persoas participantes enviarán **catro exemplares** do texto, en folios mecanografados por unha soa cara, a dobre espazo e tamaño de letra 12.

En narrativa, a extensión mínima será de 2 páxinas e a máxima será de 6.

En poesía, a extensión mínima será de 20 versos e a máxima será de 50.

Só se poderá presentar un traballo por persoa en cada unha das modalidades.

Os textos poderán remitirse ata o **día 11 de abril de 2019** (incluído) ao seguinte enderezo: Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames Avda. de Azcárraga, nº 5, Bertamiráns, 15220 Ames, A Coruña.

TERCEIRA.-

Os textos presentaranse baixo **pseudónimo**. Para garantir o anonimato, **nos textos non poden aparecer datos persoais** nin sinaturas. Nos catro exemplares do texto terán que figurar a **modalidade** (narrativa ou poesía), a **categoría** (1ª, 2ª ou 3ª) e o **pseudónimo** do autor ou autora.

Os **datos persoais introduciranse nun sobre pechado**. Terán que aparecer os seguintes: nome e apelidos, idade, copia do DNI, teléfono de contacto, enderezo postal e electrónico e declaración responsable de non estar incurso/a en supostos que impidan obter a condición de beneficiario/a e de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias e coa seguridade social. Pode decargarse e cubrirse a **FICHA DE PARTICIPACIÓN** que recolle todos estes datos da **páxina web do Concello de Ames**.

*As persoas menores de idade deben achegar os datos dunha persoa maior de idade que exerza como representante legal.

O sobre pechado cos datos persoais e as catro copias do texto introduciranse nun sobre máis grande. No **remite** deste indicárase a modalidade (**narrativa ou poesía**), a **categoría** (1ª, 2ª ou 3ª) e o **pseudónimo** (nunca o nome real).

CUARTA.-

En cada modalidade do certame establécense tres categorías e, en cada categoría, tres premios coa dotación económica que se especifica a seguir:

1ª Categoría (ata os 13 anos)

- 1º premio: 150 euros
- 2º premio: 120 euros
- 3º premio: 90 euros

2ª Categoría (dos 14 aos 17 anos)

- 1º premio: 180 euros
- 2º premio: 150 euros
- 3º premio: 120 euros

3ª Categoría (18 anos ou máis)

- 1º premio: 260 euros
- 2º premio: 210 euros
- 3º premio: 180 euros

*Para o cómputo da idade, establécese como data de referencia o 4 de abril de 2019 (día no que remata o prazo de entrega dos traballos participantes).

QUINTA.-

O xurado estará formado por tres membros de recoñecido prestixio do ámbito cultural e por un secretario ou secretaria, con voz e sen voto, en representación do Concello de Ames. A súa composición farase pública con antelación á emisión do ditame e será fixada pola Alcaldía, a proposta da Concellaría de Normalización Lingüística.

SEXTA.-

A decisión do xurado anunciarase publicamente o 10 de maio de 2019 e os premios entregaranse o **16 de maio de 2019** nun acto público que se celebrará na Casa da Cultura do Milladoiro.

SÉTIMA.-

O Concello de Ames publicará os traballos premiados nunha antoloxía creada para tal efecto, sen apercibimento de dereitos de autoría e compensando os autores ou autoras con cinco exemplares do volume que se edite. Para esta publicación, **as persoas gañadoras do certame deberán entregar os textos en formato dixital**. Se o autor ou autora publica pola súa conta algún dos textos gañadores, deberá facer referencia ao premio obtido neste certame.

OITAVA.-

As obras poderán retirarse, logo de solicitalo, dentro dos tres meses posteriores á decisión do xurado. Así que transcorra ese prazo, os traballos que non obtiveran premio destruíranse. O Concello de Ames non manterá correspondencia cos autores e autoras dos textos presentados nin asume responsabilidade ningunha pola eventual perda dalgún orixinal.

NOVENA.-

A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas recollidas nestas bases e da decisión do xurado designado, decisión que será inapelable.

Información:

normalizacion@concellodeames.gal

Tel: 662 377 215

XVI CERTAME LITERARIO CONCELLO DE AMES (NARRATIVA E POESÍA)

FICHA DE PARTICIPACIÓN

TÍTULO DO TEXTO:

MODALIDADE: POESÍA PROSA // CATEGORÍA: 1^a 2^a 3^a

NOME E APELIDOS DO AUTOR/A DO TEXTO:

PSEUDÓNIMO:

DNI:

IDADE:

TELÉFONO(S):

ENDEREZO POSTAL:

CORREO ELECTRÓNICO:

XUNTO CON ESTA FICHA DEBE ACHEGARSE COPIA DO DNI DO AUTOR/A DO TEXTO

REPRESENTANTE LEGAL (no caso de que o/a autor/a sexa menor de idade)

A persoa representante constará como beneficiaria para os efectos tributarios no caso de recibir algún premio.

NOME E APELIDOS DO/A REPRESENTANTE (nai, pai ou titor/a):

DNI DO/A REPRESENTANTE :

TELÉFONO(S) DO/A REPRESENTANTE :

ENDEREZO POSTAL DO/A REPRESENTANTE :

CORREO ELECTRÓNICO DO/A REPRESENTANTE :

Xunto con esta ficha, ademais da copia do DNI do/a autor/a, debe achegarse, copia do DNI do/a representante legal e do Libro de Familia ou, se é o caso, doutra documentación que acredite a representación legal.

O/a interesado/a, no caso de ser maior de idade ou o/a representante, se é o caso, nos termos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, manifesta, baixo a súa responsabilidade que:

- 1.- De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 38/2033 Xeral de Subvencións, non se está incurso en ningún dos suposto que impidan obter a condición de beneficiario/a.
- 2.- Atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social.
- 3.- Comprometese a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao procedemento.

_____, ____ de _____ de _____

Asinado:

DNI: